

Obxectivos:

O Curso superior en protección de datos pretende afondar no coñecemento desta materia, tanto desde unha perspectiva técnico-xurídica como desde unha perspectiva práctica, de xeito que poden destacarse como principais obxectivos do curso os seguintes:

- Concienciar ao alumnado na relevancia e importancia do dereito fundamental á protección de datos persoais desde unha perspectiva normativa e práctica, dotándoo de coñecementos e boas prácticas para dar cumprimento aos principios e obrigas establecidas pola normativa vixente, respectar os dereitos das persoas interesadas polo tratamento dos seus datos persoais e xestionar adecuadamente posibles incidencias que poidan xurdir nas distintas fases do devandito tratamento.
- Abordar os principios básicos de seguridade e as medidas que cómpre implantar nos sistemas de información desde a perspectiva do risco e en base ao disposto no Regulamento xeral de protección de datos (RXPD) e no Esquema Nacional de Seguridade (ENS).
- Proporcionar ao alumnado unha visión global da protección de datos persoais, das funcións e responsabilidades correspondentes aos diferentes roles que interveñen no tratamento dos datos persoais e do papel que desenvolven as autoridades de control como a Axencia Española de Protección de Datos.

Convocatoria:

DOG núm. 170, do 4 de setembro de 2024.

Modo de impartición:

Mixta (sesións presenciais, de telepresenza e teleformación).

Información:

Teléfonos: 981 546 239 / 981 546 241

Correo: novas.egap@xunta.gal / Web: egap.xunta.gal

DIRECTOR DO CURSO:

Gustavo Herva Iglesias. Xefe da Subárea de Seguridade. Amtega.

Organizan:

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

CURSO SUPERIOR EN PROTECCIÓN DE DATOS

Santiago de Compostela, do 2 de outubro ao 17 de decembro de 2024



SESIÓN PRESENCIAL: mércores 2 de outubro. Salón de actos da EGAP.

16:30 h. **INAUGURACIÓN do curso.**

16:50 h. **CLASE MAXISTRAL: 10 pautas para cumprir en protección de datos e 10 pautas para redes sociais.**

Elena Davara e Laura Davara. Davara & Davara.

17:50 h. Pausa-café.

18:10 h. **Iniciativas da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Explicación da operativa do curso.**

Gustavo Herva Iglesias. Xefe da Subárea de seguridade da Amtega. Director do Curso.

19:30 h. Fin da sesión presencial.

SESIÓNS DE TELEPRESENZA: egap.xunta.gal/aulavirtual

Martes 8 de outubro (1ª sesión de telepresenza).

16:00 – 19:00 h. **Conceptos fundamentais, marco normativo, principios e roles.**

Víctor Salgado Seguí. Pintos & Salgado.

Xoves 10 de outubro (2ª sesión de telepresenza).

16:00 – 19:00 h. **Dereitos de protección de datos.**

Marcos Judel. Audens, presidente da APEP.

Mércores 16 de outubro (3ª sesión de telepresenza).

16:00 – 19:00 h. **Administración pública como responsable do tratamento. Encargos de tratamento. Deber de dilixencia. O papel do DPD.**

Román Arias Fraiz. Arias Avogados.

Mércores 23 de outubro (4ª sesión de telepresenza).

16:00 – 19:00 h. **Violacións de protección de datos. A súa xestión no ámbito das administracións públicas. Réxime sancionador. Competencias da AEPD, tramitación de expedientes.**

Leandro Núñez. Audens.

Luns 28 de outubro (5ª sesión de telepresenza).

16:00 – 19:00 h. **Publicación de datos persoais: dereito de acceso á información pública (transparencia) e publicacións de datos persoais en diarios oficiais; procedementos selectivos; etc.**

André Castelo Pichel. APDTIC.

Luns 4 de novembro (6ª sesión de telepresenza).

16:00 – 19:00 h. **Análise de riscos e avaliacións de impacto na protección de datos persoais.**

Ana Paula Durán Pazó. Consultora senior en protección de datos.

Luns 11 de novembro (7ª sesión de telepresenza).

16:00 – 19:00 h. **Garantía dos dereitos dixitais.**

Fernando Suárez Lorenzo. Presidente do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia.

Mércores 13 de novembro (8ª sesión de telepresenza).

16:00 – 19:00 h. **Protección de datos de menores.**

Alicia Piña Pérez. Aligale Abogados.

Luns 18 de novembro (9. 1ª sesión de telepresenza).

16:00 – 17:30 h. **Tratamentos de datos persoais baixo a Lei orgánica 7/2021, de protección de datos persoais tratados para fins de prevención, detección, investigación e axuízamento de infraccións penais e de execución de sancións penais.**

Javier Sempere Samaniego. DPD do CGPJ.

Luns 18 de novembro (9. 2ª sesión de telepresenza).

17:30 – 19:00 h. **Esquema Nacional de Seguridade.**

José Luis Colom Planas. Membro do Foro Nacional de Ciberseguridade.

Mércores 20 de novembro (10ª sesión de telepresenza).

16:00 – 19:00 h. **Protección de datos en saúde.**

Jorge Prado Casal. DPD da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

Xoves 28 de novembro (11ª sesión de telepresenza).

16:00 – 19:00 h. **Videovixilancia.**

Diego Estévez García. Adenda.

Martes 3 de decembro (12ª sesión de telepresenza).

16:00 – 19:00 h. **Intelixencia artificial nas administracións públicas, tratamento de datos persoais e ética.**

Lorenzo Cotino Hueso. Catedrático de Dereito Constitucional. Universidade de Valencia.

Mércores 11 de decembro (13ª sesión de telepresenza).

16:00 – 19:00 h. **Protección de datos persoais na Xunta de Galicia.**

Ana Paula Durán Pazó e María López Barral.

Consultoras senior en protección de datos.

TELEFORMACIÓN e EXAME FINAL EN LIÑA: egap.xunta.gal/aulavirtual

Data e hora da proba final en liña: **martes 17 de decembro ás 16:00 horas.**

NOTA: Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación. As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola: egap.xunta.gal